



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES DO ESTUDANTADO DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Infraestructuras, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Infraestructuras ten previsto formalizar coa Universidade da Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31.12.2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O establecemento das condicións que rexerán a colaboración entre a Axencia Galega de Infraestructuras e a Universidade da Coruña para a realización de prácticas externas extracurriculares do estudiantado da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A realización de prácticas académicas externas extracurriculares, de conformidade co Regulamento de Prácticas Académicas Externas da UDC, aprobado polo seu Consello de Goberno do 23 de abril de 2013 e modificado polo acordo do Consello de Goberno do 27 de febreiro de 2015 e as seguintes.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a seis de xuño de 2018

